

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, E APASCIDE, ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE FAMILIAS DE PERSONAS CON SORDOCEGUERA, PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO DE PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE DE PERSOAS CON SORDOCEGUERA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar con APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 30 de novembro de 2024. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia das actuacións que APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera ten previsto desenvolver durante o ano 2024 para establecer un programa específico de promoción da accesibilidade de persoas con sordoceguera no exercicio 2024

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A persoa con xordocegueira total ou cunha visión e audición gravemente afectadas non pode coñecer apenas nada do mundo exterior nin pode aprender polos seus propios medios, non ten referentes, todo ten que aprendelo a través do tacto e da propia experiencia e para iso necesita ser axudado continuamente por persoas especialmente adestradas para iso: os mediadores na comunicación profesionais. Ademais de prestar unha atención directa ás persoas con xordocegueira tamén forman ás persoas coas que conviven , tanto se xa teñen coñecemento, afianzándoo, como se teñen que aprender desde cero.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, APASCIDE, Asociación Española de Familias de Personas con Sordoceguera é a única entidade de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega este programa.

Así mesmo, as actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a



Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto Decreto 139/2024, do 20 de maio, e as específicas necesidades inherentes á promoción de accións de divulgación e fomento en materia de accesibilidade universal e deseño para todos, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

P.A. Decreto 139/2024, do 20 de maio

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

